

Tremores na escuridade

Ó penetrar na túa pintura, Antón Lamazares, vese un obrigado a desempoar do baúl dos recordos, sensacións, impresións que non foron almacenadas alí por puro azar senón que son resultado dun esforzo persoal por recuperar momentos xa impertéritos. Ó mira-las túas series 'horizonte sen dono', 'gracias vagabundas' 'desazón de vagabundos' no novo espazo da Galería Citania, sentimos emanar unha enerxía contida dos variados motivos que pululan por elas: charcos leitosos, estrelas, follas, floriñas, seme. Emblemas que agroman cara á superficie do lenzo pero que portan unha identidade, a túa, a túa experiencia vital.

A túa pintura, a túa poesía, Lamazares, está cargadas de espírito, alma. Unha alma que habita de noite, e á que esta última lle insuflou a suficiente forza para insistir nun quefacer único, nun retocare puli-la obra para consegui-lo desexado.

As añoranzas nos teus cadros convértense en reais, non é difícil encontrar ondas envolventes ou meandros que aluden simplemente a aqueles trazos que debuxa o teu xunco na auga. Xunco que te acompañaría para sempre.

O espacio do cadro, o teu espacio querido tras tanto vagabundear, lanza unha mensaxe que cada cal interpretará á súa maneira pero en ti é agora un espacio de sosego. E nese espacio invítasnos ti, Lamazares, a desentraña-lo máis profundo que poida encerrar calquera pequeno acontecemento mundano.

E ese escenario é real, si, porque anque non pareza os mesmos títulos dos teus lenzos aluden á experiencia mundana do home que deixou marca nel. Da súa presencia humana quedanos a penas o seu alento, e do teu sentir profundo qué mellor para expresalo que acudir ó teu expresionismo abstracto, informalismo.

E finalmente esos materiais cos que elaboraches os teus quince lenzos aquí presentes: cartóns, filamentos de fío, arames, madeira, cravos, vernizáchelos tanto que simplemente con iso aludes a esta humidade tan nosa galega que tanto che fai senti-la túa paisaxe.

Fátima Otero